

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES PARA A REALIZACIÓN DE VARIOS CONCERTOS DE MÚSICA POPULAR EN SANTIAGO DE COMPOSTELA-PROGRAMA “MÚSICA NO CAMIÑO”**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Federación Galega de Bandas de Música Populares o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a concesión directa dunha subvención á Federación Galega de Bandas de Música Populares para a realización dun Ciclo de actuacións de bandas de música populares na Praza das Praterías en Santiago de Compostela a celebrar en venres, sábados, domingos e festivos dos meses de xuño, xullo e agosto de 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** A Federación Galega de Bandas de Música (FGBMP) é unha unidade asociativa creada en 1985 para dar resposta ás necesidades comúns das bandas galegas, actuando como centro para o desenvolvemento e administración de información, promoción educativa e divulgativa da labor das mesmas, así como de organización de cursos, festivais, certames ou intercambios entre bandas de características similares, tanto galegas como estranxeiras. Entre os seus obxectivos está, entre outros, o de transmitir ás institucións públicas galegas a verdadeira dimensión do movemento asociativo musical como un movemento cunha forte implantación, con 91 bandas de música populares federadas e arredor de 7.700 músicos ademais de asociados e xestores non músicos e os alumnos e alumnas das Escolas de Música xestionadas polas Bandas de Música. É a única Federación de Bandas de Música da nosa Comunidade Autónoma.

**Terceiro.-** Trátase así mesmo dun movemento asociativo serio e con capacidade de innovación, xestión e dinamización cidadá, que estrutura un “tecido social” capaz de canalizar proxectos e actuacións en diferentes eidos da vida social e cultural dos nosos concellos, e que contribúe a dotar de contido a nosa “identidade galega”, da que as Bandas de Música forman parte indisoluble e indispensable dende hai máis de 100 anos.

**Cuarto.-** A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar á divulgación e promoción das bandas de música populares galegas por tratarse o dito evento dun dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase a Federación Galega de Bandas de Música Populares unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Elena Barca Ramos

